Quinto.- Tralo período de exposición pública do acordo inicial de rectificación, e non téndose presentado reclamacións á amentada rectificación da mesma, elevouse automaticamente a definitivo o citado acordo inicial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (Núm. 182 – mércores, 7 de agosto de 2024).

Consideracións Xurídico-Administrativas:


Primeira.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas prevé que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Neste caso, a rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024 realizouse de oficio por parte da Área de Medio Rural do Mar e Mocidade.

Segunda.- O artigo 14.1 do R.D. 887/2006, prevé que a actualización dos plans estratéxicos realizarase anualmente de acordo coa información relevante dispoñible.

O Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para a anualidade 2024 foi aprobado tomando como base os datos do Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2024.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	17/49



A aprobación da rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024 implica que a modificación do Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esta mesma anualidade, xa que no mesmo se recollen as subvencións previstas no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024.

Terceira.- O Plan Estratégico de Subvencións e o Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, para dar cumprimento aos principios de transparencia e publicidade previstos no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno e no artigo 13 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, foron publicados na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, portal de transparencia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Polo tanto, en concordancia coa publicidade efectuada, debe publicarse a modificación ANEXO I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para a anualidade 2024.

Cuarta.- O órgano competente para aprobar a modificación -derivada da rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024- do ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, é a Xunta de Goberno, por ser este o órgano que aprobou no seu momento o ANEXO I.

Conclusiones


En base ao anteriormente exposto procede Informar Favorablemente a modificación -derivada da rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024- do ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, no seguinte senso:

Onde consta:

Perceptor	Concepto	Importe	Aplicación Orzamentaria
Fundación Pazo de Feiras e Congresos de Lugo	Xuven Lugo Anualidade	15.000,00 €	3342.48903
Total		15.000,00 €	

Debe constar:

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	18/49





Perceptor	Concepto	Importe	Aplicación Orzamentaria
Fundación de Feiras y Congresos de Lugo	Xuvenlugo 2024	15.000,00 €	3342.48903
Total		15.000,00 €	

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación -derivada da rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024- do ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, no seguinte senso:

Onde consta:

Perceptor	Concepto	Importe	Aplicación Orzamentaria
Fundación Pazo de Feiras e Congresos de Lugo	Xuven Lugo Anualidade	15.000,00 €	3342.48903
Total		15.000,00 €	

Debe constar:

Perceptor	Concepto	Importe	Aplicación Orzamentaria
Fundación de Feiras y Congresos de Lugo	Xuvenlugo 2024	15.000,00 €	3342.48903
Total		15.000,00 €	


2º.- Publicar a modificación na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, portal de transparencia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Aprobación, se procede, da terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Guitiriz, para cooperar na “reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	19/49



peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde”, ano 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe Favorable

Terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023.


En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES_03/016143) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte Informe

Antecedentes de Feito

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023, por importe total de 135.576,32 € (dos que os 102.576,32€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 33.000,00 € serán financiados polo Concello de Guitiriz) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 102.576,32€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 formalizouse o 12 de decembro de 2023.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	20/49





Terceiro: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 6 de marzo de 2024 (2024RT003365), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…) Tendo en conta a dificultade técnica de levar a cabo a actuación relativa a “Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz”

Por todo o exposto, Solicito: Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada na Rúa da Liberdade por outra que sería a seguinte:

“Urbanización da Rúa Perexil e conexións coas rúas de enlace (…)”.

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 15 de marzo de 2024, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na “reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo senpa), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023. Modifícase o obxecto do convenio (substitúese o “acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz” pola “Urbanización da “Rúa Perexil e conexións coas rúas de enlace”).

Cuarto: A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 formalizouse o 16 de marzo de 2024.

Quinto: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 17 de xuño de 2024 (2024RT012258), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…) Revisado o proxecto o iniciarse o expediente de contratación da urbanización da Rúa Perexil e dada a súa complexidade, detectáronse uns erros nas medicións do proxecto que producen variación no importe do mesmo pasando de 120.637,36€ a 107.853,36€ o orzamento de execución por contrata con IVE (…)”.

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de xuño de 2024, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar a segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na “reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	21/49



peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023. Modifícase a aportación do concello que pasa de 62.534,20 € a 44.475,74 €.

Sexto: A segunda addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 formalizouse o 3 de xullo de 2024.

Sétimo: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 7 de agosto de 2024 (2024RT014389), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Expón:

Que o 12 de decembro de 2023, asinamos un convenio coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar na “Reforma da Nave Municipal de servizos múltiples (Antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023.

Dito convenio tivo dúas addendas a última aprobada por acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo con data 28/06/2024.


(...)

Tendo en conta as cláusulas terceira e cuarta expostas previamente, e dada a dificultade de execución da urbanización da Rúa Perexil e conexión coas rúas de enlace dado que se trata dunha nova rúa, tendo en conta ademáis que aínda estamos en fase de licitación do contrato onde os prazos están marcados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, coincidindo ademais con época estival que nun concello de pequeno tamaño coma o de Guitiriz onde o persoal de cada departamento e moi limitado retrasase a celeridade dos procedementos,

Solicita:

Por todo o exposto e tendo en conta a cláusula terceira (obrigas e compromisos das partes) e a cláusula cuarta no apartado C (xustificación da achega económica) nas que se concreta que o prazo de execución e xustificación poden ser obxecto de ampliación teña a ben conceder unha prórroga de 3 meses para a execución do convenio e presentación da conta xustificativa tendo en conta a dificultade do proxecto o tratarse

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	22/49





dunha rúa nova e os prazos existentes para facer a licitación e tramitación da contratación da obra.”

Consideracións Xurídico-Administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

- Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“ (...)

3.2. O Concello de Guitiriz:


En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:

- 1. Achegar, para a execución do convenio, 33.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*
- 2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
- 3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.*
- 4. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
- 5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.*
- 6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.*
- 7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.*
- 8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.*
- 9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”*

- Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“ (...)

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	23/49



C) Xustificación da Achega Económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Guitiriz aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de outubro de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

(...)"

- Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".

- Na cláusula Sexta.- Modificación

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".


Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a terceira modificación do convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusións

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo*
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).*
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,*

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	24/49





dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a terceira modificación solicitada pola representante do Concello de Guitiriz nos termos da terceira addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na “reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 no senso da terceira addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NA “REFORMA DA NAVE MUNICIPAL DE SERVICIOS MÚLTIPLES (ANTIGO SENPA), NO ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE PARA IMPLANTACIÓN DUN PASEO PEONIL DA RÚA DA LIBERDADE EN GUITIRIZ E NOS HONORARIOS TÉCNICOS DE REDACCIÓN DE PROXECTO, DE DIRECCIÓN DE OBRA E DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE” ANO 2023.

[APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE


En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001,actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, con N.I.F. P-2702200C e sede na rúa do Concello, 4, 27300, Guitiriz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	25/49



Ante dona Montserrat Conde López, Secretario, P.S A Secretaria-Interventora da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023, por importe total de 135.576,32 € (dos que os 102.576,32€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 33.000,00 € serán financiados polo Concello de Guitiriz) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 102.576,32€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 formalizouse o 12 de decembro de 2023.


Terceiro: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 6 de marzo de 2024 (2024RT003365), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…)Tendo en conta a dificultade técnica de levar a cabo a actuación relativa a “Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz”

Por todo o exposto, solicito: Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada na Rúa da Liberdade por outra que sería a seguinte:

“Urbanización da Rúa Perexil e conexións coas rúas de enlace.(…)”.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	26/49





Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 15 de marzo de 2024, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na “reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023. Modifícase o obxecto do convenio (substitúese o “acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz “ pola “Urbanización da “Rúa Perexil e conexións coas rúas de enlace”).

Cuarto: A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 formalizouse o 16 de marzo de 2024.


Quinto: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 17 de xuño de 2024 (2024RT012258), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…) Revisado o proxecto o iniciarse o expediente de contratación da urbanización da Rúa Perexil e dada a súa complexidade, detectáronse uns erros nas medicións do proxecto que producen variación no importe do mesmo pasando de 120.637,36€ a 107.853,36€ o orzamento de execución por contrata con IVE. (...)”.

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de xuño de 2024, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar a segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na “reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023. Modifícase a aportación do concello que pasa de 62.534,20 € a 44.475,74 €.

Sexto: A segunda addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	27/49



dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023 formalizouse o 3 de xullo de 2024.

Sétimo: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 7 de agosto de 2024 (2024RT014389), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Expón:

Que o 12 de decembro de 2023, asinamos un convenio coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar na “Reforma da Nave Municipal de servizos múltiples (Antigo Senpa), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023.

Dito convenio tivo duas addendas a última aprobada por acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo con data 28/06/2024.

(...)


Tendo en conta as cláusulas terceira e cuarta expostas previamente, e dada a dificultade de execución da urbanización da Rúa Perexil e conexión coas rúas de enlace dado que se trata dunha nova rúa, tendo en conta ademais que aínda estamos en fase de licitación do contrato onde os prazos están marcados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, coincidindo ademais con época estival que nun concello de pequeno tamaño coma o de Guitiriz onde o persoal de cada departamento e moi limitado retrasase a celeridade dos procedementos,

Solicita:

Por todo o exposto e tendo en conta a cláusula terceira (obrigas e compromisos das partes) e a cláusula cuarta no apartado C (xustificación da achega económica) nas que se concreta que o prazo de execución e xustificación poden ser obxecto de ampliación teña a ben conceder unha prórroga de 3 meses para a execución do convenio e presentación da conta xustificativa tendo en conta a dificultade do proxecto o tratarse dunha rúa nova e os prazos existentes para facer a licitación e tramitación da contratación da obra.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente terceira addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	28/49





CLÁUSULAS

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula terceira e a cláusula cuarta do convenio formalizado o 12 de decembro de 2023 e modificado o 16 de marzo de 2024 e o 3 de xullo de 2024, que quedarán redactadas no seguinte senso:

- Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

"(...)

.2. O concello de Guitiriz:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, 44.475,74 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
4. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca ata o 30 de novembro de 2024.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."

- Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

"(...)

C) Xustificación da Achega Económica.

O prazo para que dende o concello de Guitiriz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2024.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	29/49



A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

-Memoria de actuacións das actividades realizadas.

-Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. *Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.*
2. *Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.*
3. *Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.*

-Actas de recepción.

-Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo


-Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

-Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

-Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

-Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	30/49





constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

-Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta terceira addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 12 de decembro de 2023 e modificado o 16 de marzo de 2024 e o 3 de xullo de 2024 ,esta terceira addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente terceira addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Meira para cooperar no financiamento da “rehabilitación e acondicionamento do local municipal –O Centro de Meira- e honorarios”, ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe Favorable

Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Meira para cooperar no financiamento da “rehabilitación e acondicionamento do local municipal -O Centro de Meira- e honorarios” ano 2023.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES_03/016166) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	31/49



Antecedentes de Feito

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 10 de febreiro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar na “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal -O Centro de Meira- e honorarios” ano 2023 por importe total de 106.455,70 € (dos que 99.800,70 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 6.655,00 € serán financiados polo concello de Meira) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 99.800,70 € para o financiamento do obxecto do convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar na “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal -O Centro de Meira- e honorarios” ano 2023 formalizouse o 14 de febreiro de 2023

Terceiro: O alcalde do concello de Meira remitiu, o 7 de agosto de 2024 (2024RT014408), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…)

Solicito

II.- A modificación do convenio “Rehabilitación e Acondicionamento do Local Municipal – O Centro de Meira consistente na ampliación do prazo para a execución da obra “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal – O Centro de Meira, ata a data máxima”

Consideracións Xurídico-Administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:


- Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O concello de Meira:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Meira, comprométese ao seguinte:

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	32/49





1. *Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 6.655,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*
2. *Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
3. *O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de xuño de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
4. *Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.*
5. *Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.*
6. *Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.*
7. *Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.*
8. *Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”*

- Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Meira aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de agosto de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	33/49



(...)"

- Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

- Na cláusula Sexta.- Modificación

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio a través dunha addenda é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.


Conclusiones

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).
- os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos.
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada polo representante do Concello de Meira nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia."

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	34/49





Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Meira para cooperar na "Rehabilitación e acondicionamento do local municipal -O Centro de Meira- e honorarios" cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE MEIRA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DA "REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL -O CENTRO DE MEIRA- E HONORARIOS" ANO 2023.

[Aprobada por Acordo da Xunta de Goberno de data de de

En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Antonio de Dios Álvarez, Alcalde do concello de Meira, con N.I.F P-2702900H e sede social na Praza do Concello, s/n, Meira, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante dona Montserrat Conde López, O Secretario, P.S A Secretaria-Interventora da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 10 de febreiro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar na "Rehabilitación e acondicionamento do local municipal -O Centro de Meira- e honorarios" ano 2023 por importe total de 106.455,70 € (dos que 99.800,70

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	35/49



€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 6.655,00 € serán financiados polo Concello de Meira) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 99.800,70 € para o financiamento do obxecto do convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar na “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal -O Centro de Meira- e honorarios” ano 2023 formalizouse o 14 de febreiro de 2023.

Terceiro: O alcalde do concello de Meira remitiu, o 7 de agosto de 2024 (2024RT014408), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…)

Solicito

II.- A modificación do convenio “Rehabilitación e Acondicionamento do Local Municipal – O Centro de Meira consistente na ampliación do prazo para a execución da obra “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal – O Centro de Meira, ata a data máxima”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula terceira -obrigas do concello- e a cláusula cuarta -Réxime económico-, apartado c -xustificación da achega económica- do convenio formalizado o 14 de febreiro de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:


- Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (99.800,70 €)

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	36/49





2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O concello de Meira:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Meira, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 6.655,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca ata o 30 de novembro de 2024.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”


- Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

. “Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 99.800,70 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	37/49



2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello:

O concello de Meira aportará para a execución do convenio o financiamento de 6.655,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

. Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do concello de Meira

. Xustificación da achega económica.

O prazo para que dende o concello de Meira se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2024.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

.Memoria de actuacións das actividades realizadas.


.Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

- 1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.*
- 2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.*
- 3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.*

.Acta de recepción.

.Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	38/49





.Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

.Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

.Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

.Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

.Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."


Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 14 de febreiro de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	39/49



6. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA A SUBVENCIÓN DE CONCORRENCIA DESTINADA A EQUIPAMENTOS CULTURAI 2023.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica celebrada o día 13 de decembro de 2023 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 289, do día 19 de decembro de 2023, para a *concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo*, na anualidade 2023; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas	Adquisición de mobiliario	1.031,00€

7. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR COIDADADO DE FAMILIAR, DUN TRABALLADOR, PERSOAL LABORAL FIXO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Emilio Pirón García, Operario Servizos Múltiples, persoal laboral fixo, pertencente ao servizo de audiovisuais, en escrito de data 8 de agosto de 2024, solicita a excedencia, por coidadado de familiar en primeiro grao de afinidade, (sogra), polo período dun ano.


Tendo en conta a normativa de aplicación

-Artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

(...)

“Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a dous anos, salvo que se estableza unha duración maior por negociación colectiva, os traballadores

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	40/49





para atender o coidado do cónxuxe ou parella de feito, ou de un familiar ata o segundo grado de consanguinidade e por afinidade, incluído o familiar consanguíneo da parella de feito, que por razón de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

A excedencia contemplada no presente apartado cuxo período de duración poderá desfrutarse de forma fraccionada, constitúe un dereito individual dos traballadores e traballadoras. No obstante, si dúas ou máis persoas traballadoras da mesma empresa xenerasen este dereito polo mesmo suxeito causante a empresa poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas e obxectivas de funcionamento debidamente motivadas por escrito debendo en tal caso a empresa ofrecer un plan alternativo que asegure o disfrute de ambas persoas traballadoras e que posibilite o exercicio dos dereitos de conciliación. Cando un novo suxeito causante dera dereito a un novo período de excedencia, o inicio da mesma dará fin o que, no seu caso, se viñera disfrutando.

O período no que a persoa traballadora permaneza en situación de excedencia conforme ao establecido neste artigo será computable a efectos de antigüidade e o traballador terá dereito a asistencia a cursos de formación profesional, a cuxa participación deberá ser convocado pola empresa, especialmente con ocasión da súa reincorporación. Durante o primeiro ano terá dereito a reserva do seu posto de traballo. Transcorrido dito prazo, a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.


No obstante, cando a persoa traballadora forme parte dunha familia que teña recoñecida a condición de familia numerosa, a reserva do seu posto de traballo estenderase ata un máximo de quince meses cando se trate dunha familia numerosa de categoría xeral, e ata un máximo de dezaoito meses si se trata de categoría especial. Cando a persoa exerza este dereito coa mesma duración e réxime que o outro proxenitor, a reserva de posto de traballo se extenderá ata un máximo de dezaoito meses.

No exercicio deste dereito terase en conta o fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes e, asimesmo, evitar a perpetuación de roles e estereotipos de xénero.

4. Asimesmo poderán solicitar o seu paso a situación de excedencia na empresa os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial o superior mentres dure o exercicio do su cargo representativo.

5. O traballador en excedencia voluntaria conserva só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría a súa que houbera ou se producira na empresa.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	41/49



6. A situación de excedencia poderá estenderse a outros supostos colectivamente acordados, co réxime e os efectos que alí se prevén.”

- Artigo 140 do Real Decreto Legislativo 781/86, do 18 de abril, apartados 1 e 2.

- Artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Considerando que nesta Entidade o persoal laboral, incluído o temporal, está homologado ao persoal funcionario.

Á vista do sinalado, do informe do Servizo de RR.HH e da documentación presentada polo interesado, procede que pola Xunta de Goberno se acorde:

Declarar en situación administrativa de excedencia por coidado dun familiar a Don Emilio Pirón García, dende o día 7 de agosto de 2024, polo período dun ano, é dicir, dende o 7 de agosto de 2024 ata o 6 de agosto de 2025, reservándose o posto de traballo, mentres non concorran ningunha das causas de cesamento previstas na citada lei.

O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no Réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


8. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERAN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NESTA DEPUTACIÓN, NUNHA PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da Convocatoria

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), figura no apartado segundo refundición

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	42/49





prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. Réxime Xurídico Administrativo, A.1 Cota Xeral e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 06.05.2021.

2. Caracterización da praza


Nº Prazas que se convocan	OEP	Nº Praza	Denominación Praza	Nº Posto	Denominación Posto	Clasificación	Grupo Subgrupo	Cota
1	2023	882	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas	1426	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A-A2	Xeral

3. Normativa de aplicación

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, de 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	43/49



- Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020)
- Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCCP).

4. Consideracións Xurídicas e Técnicas

A) Convocatoria

A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 – apartado 2. refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

- Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.
- Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

B) Sistema Selectivo

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.
- Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

	IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYFF4DTAKE	Página	44/49





- Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP 226 de 30.09.2006), que sinala:
“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.
- Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.


Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
- b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/Subgrupo e Clasificación

A praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, figura encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos medios (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A2 (art. 76 TRLEBEP).

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	45/49



D) Requisitos de participación

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas ou titulacións académicas equivalentes.

E) Aprobación da Convocatoria e Bases

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP número 101 de 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

- Artigo 55.1 do TRLEBEP: *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*
- Artigo 55.2 do TRLEBEP: *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.


c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	46/49





- Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
- b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de Acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado 2. refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. Réxime xurídico administrativo, A.1 Cota xeral (BOP núm. 298, do 30.12.2023):


Nº Prazas que se convocan	OEP	Nº Prazas	Denominación Prazas	Nº Posto	Denominación Posto	Clasificación	Grupo Subgrupo	Cota
1	2023	882	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas	1426	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada	Escala de administración especial, subescala técnicos, técnicos medios	A-A2	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE),

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	47/49



sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

No se presentan

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da orde do día e previa declaración de urxencia, aprobada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

PROPOSTA DE CONSIGNACIÓN DO IMPORTE DA FOLLA DE DEPÓSITO PREVIO E CITACIÓN PARA O LEVANTAMENTO DAS ACTAS DE OCUPACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO POLA VÍA DE URXENCIA: CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" DO P.K. 106+500 AO 107+887. POL-CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O 25/08/2023 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou o inicio do expediente expropiatorio pola vía de urxencia para o proxecto: *Construcción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón Comarcal" do p.k. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde.*

O 16/07/2024 a Presidencia decretou a elaboración da folla de depósito previo dos bens e dereitos necesarios para execución das obras, en cumprimento do artigo 52.4 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.


A resolución e a folla foron notificadas aos interesados.

Pasado o prazo outorgado aos afectados para a presentación do prego de abono da citada folla, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado e proceder á consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial do importe do depósito previo, xa que os interesados non remitiron os pregos de abono:

Número de finca	Titulares	Importe da folla de depósito previo
55-A2	Alicia Seijas Eiras, Cristina Seijas Eiras e Carmen Eiras Pérez	186,52 €

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	48/49





2º.- Citar aos titulares para o levantamento das actas de ocupación, para cumprir co establecido no artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10. ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretaria, certifico.

O PRESIDENTE,

A SECRETARIA,

	IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Fecha y Hora	21/08/2024 14:05:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U42YTHJHN3DN3SYF4DTAKE	Página	49/49

